

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO da contratación das obras de humanización da rúa José Frau Ruiz.*

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº de expediente: 4.961-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras incluídas no proxecto de humanización da rúa Pintor José Frau Ruiz, no tramo comprendido entre as rúas Álvaro Cunqueiro e López Mora.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 6 meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 493.012,40 euros, IVE que soportará a Administración: 103.532,60 euros. Orzamento total: 596.545,00 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante); teléfono: 986 81 01 48; fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.



7. Requisitos específicos do contratista. a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: grupo G, subgrupo 6, categoría 1 e grupo I, subgrupo 1, categoría 1. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: grupo G, subgrupo 6, categoría 1 e grupo I, subgrupo 1, categoría 1.

8. Presentación de ofertas. Prazo: rematará aos 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exigida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica. Entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións: \_

11. Páxina web para obtención de información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 18 de decembro de 2017

O alcalde  
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)  
David Regades Fernández  
Concelleiro delegado de Contratación

